

**DAVEIGA, SLL**  
**Empresa de Economía Social**  
**Galletas Mariñeiras**

Alumnado de 1º e 2º Bacharelato de CC Sociais participou o martes 18 de Xuño nunha actividade didáctica organizada polo Departamento de Economía, visitando a empresa **“DAVEIGA producción responsable “** en Chantada (Lugo).

As galletas mariñeiras son unha adaptación moderna do **“Pan de Barco ou Biscoito de Barco”** unha solución antiquísima dos mariñeiros para conservar o pan nas longas travesías oceánicas, de forma natural.

A actividade iniciouse coa explicación por parte de Xosé Lois Lamazares, socio fundador da empresa, da posta en marcha do proxecto, a súa evolución e o modelo de **Xestión empresarial Rural sustentable e Innovación** baseado na **Responsabilidade Socio-laboral, Económica, Medioambiental e Cultural.**

A continuación percorremos as instalacións, visitando as Áreas de aprovisionamento, produción, dosificación, silos, cámara de materias primas e fermentación.

Finalmente coñecemos as Áreas de formateado, amasado, cocción, enfriamento e almacén de produtos terminados.

Os alumnos e as profesoras acompañantes, Fina Brea e Raquel Carballo, agradecemos a acollida e adicación recibida por parte da empresa, resultando unha experiencia moi enriquecedora.